

TESOURERÍA

ANUNCIO

CONCELLO DE CAMBADOS

EXPOSICIÓN PÚBLICA DAS LISTAS COBRATORIAS DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA, URBANA E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO EXERCICIO 2020 E A SÚA COBRANZA

De acordo co establecido no artigo 22 da Ordenanza Fiscal Xeral do Órgano de xestión tributaria e recadación de tributos locais desta Deputación – ORAL e por Resolución de Tesourería de data 17 de xuño 2020, vense de aprobar as listas cobratorias do **Imposto sobre Bens Inmobles de natureza rústica, urbana e de características especiais do exercicio 2020 (IBI)** do **CONCELLO DE CAMBADOS**

Polo que, por medio do presente anuncio iniciase o trámite de información pública establecido no artigo 24 da Ordenanza Fiscal Xeral do Órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais da Deputación - ORAL.

Os citados rexistros conteñen datos de carácter persoal amparados pola lei de protección de datos, polo que cada interesado poderá consultar exclusivamente e na súa integridade os rexistros relativos á súa débeda tributaria en cada un dos concellos respectivos e nas oficinas do ORAL durante o período de exposición ao público, que comprenderá dende o día 25 de xuño de 2020 ata o día 02 de outubro de 2020, ambas datas incluídas.

Contra o acto de aprobación das citadas listas cobratorias poderá presentarse recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de finalización da exposición pública perante a Tesourería da Deputación Provincial de Pontevedra, previo ao contencioso-administrativo, de acordo co establecido no artigo 14.2 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, do texto refundido da lei de facendas locais e demais disposicións vixentes na materia.

A exposición ao público do presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003 xeral tributaria, remitíndose aos concellos incluídos a efectos da súa inserción no taboleiro de edictos.

COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DO IBI DO EXERCICIO 2020

De conformidade co previsto nos artigos 18, 24 e 25 da Ordenanza Fiscal Xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais - ORAL, en relación co artigo 62.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e cos artigos 23, 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, de 29 de xullo de 2005, comunícaselle ás persoas interesadas que **o período voluntario de cobranza do Imposto sobre Bens Inmobles de natureza rústica, urbana e de características especiais do exercicio 2020 (IBI)**, para os **CONCELLO DE CAMBADOS**, de acordo co calendario excepcional aprobado como consecuencia da crise sanitaria provocada polo COVID-19 e posterior estado de alarma se inicia o día 25 de xuño de 2020 e finaliza o 05 de novembro de 2020, ámbalas dúas datas incluídas.

TESOURERÍA

NORMAS DE COBRANZA:

FORMAS E LUGARES DE INGRESO:

- O ingreso poderá realizarse a través da Oficina Virtual Tributaria da Deputación Pontevedra – ORAL (<https://ovt.depo.gal>).
- A través da App de pagos da Deputación de Pontevedra (dispoñible para IOS e Android).
- Na caixa de calquera das entidades colaboradoras (ABANCA, BBVA, CaixaBank, Ibercaja Banco, Novo Banco, Sabadell, Santander e Unicaja Banco), tamén en caixeiro automático ou por internet (se a entidade colaboradora elixida dispón deses servizos).

ENVÍO DE DOCUMENTOS DE INGRESO: Os documentos de ingreso dos recibos non domiciliados en entidades financeiras enviaranse por correo postal ordinario ao domicilio único de cada contribuínte. Este envío non ten carácter de notificación. A non recepción dos documentos de ingreso no domicilio do contribuínte non exime a este da súa obriga de pago.

Se algunha persoa contribuínte non recibe no seu domicilio algún dos documentos de ingreso que precisa, poderá obtelo a través da Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.depo.gal>), chamando ao Centro de Atención Telefónica no 886 211 400 ou de xeito presencial cando sexa posible, e sempre con cita previa, en calquera das nosas oficinas.

REFERENCIAS DE COBRO: Os documentos de ingreso inclúen dúas referencias de cobro con importes diferentes: A primeira é válida durante o período voluntario de pago que se indica no recibo. A segunda é válida a partir do día seguinte ao remate do período voluntario de pago, e o importe que ten asociado inclúe o principal da débeda e a recarga executiva do 5%. Pasada a data de caducidade da segunda referencia xa non se poderán utilizar estes documentos para realizar o ingreso da débeda, polo que deberán descargarse outros a través da Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.depo.gal>), chamando ao Centro de Atención Telefónica no 886 211 400 ou de xeito presencial cando sexa posible, e sempre con cita previa, en calquera das nosas oficinas.

CARGOS DE DOMICILIACIÓNS: Os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes o día indicado para cada tributo no calendario fiscal.

ADVERTENCIA LEGAL: O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario sen que se teña satisfeita a débeda determinará o inicio do procedemento de prema e a esixencia da recarga e dos xuros de demora que en cada momento correspondan. Tamén se liquidarán e esixirán ao debedor as custas regulamentarias orixinadas do dito procedemento

OFICINAS DE ATENCIÓN PRESENCIAL: A atención ao público nas Oficinas do ORAL farase exclusivamente a través do sistema de **CITA PREVIA**, solicitado a través das seguintes canles:

- **WEB ORAL:** <https://www.depo.gal/oral-xestion-tributaria-e-catastral>
- **OVT:** <https://ovt.depo.gal/ovt/>
- **SEDE ELECTRÓNICA:** <https://sede.depo.gal/citaprevia/>
- **TELÉFONO:** 986 804 100

TESOURERÍA

RELACIÓN DE OFICINAS ORAL-DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

<u>OFICINA PRINCIPAL</u>	<u>CENTROS DEPENDENTES</u>	<u>DIRECCIÓN</u>	<u>DÍAS E HORARIO DE APERTURA</u>
O.P. COMARCAS DO DEZA	O.P. LALÍN	Praza de Galicia, 1 – baixo (Castro Tecnolóxico). 36500 Lalín.	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
O.P. COMARCA DE TABELÓS – TERRA DE MONTES	O.P. A ESTRADA	Avda. Benito, 47 baixo -36680 – A Estrada	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
O.P. COMARCA DE CALDAS E SALNÉS	O.P. CALDAS DE REIS	Rúa José Salgado, 19 baixo - 36650 Caldas de Reis	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O.P. VILANOVA DE AROUSA	Rúa Cruceiro, 1 (Esquina con rúa Aromas de Leyenda) 36620 - Vilanova de Arousa	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O.P. CAMBADOS	Rúa Ourense, 8 36630 Cambados	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O.P. SANXENXO	Rúa Carlos Casas, 8-baixo. 36960 Sanxenxo	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
O.P. COMARCAS DO MORRAZO E VAL MIÑOR	O.P. CANGAS	Praza das Pontes, s/n - Edificio Concello. 36940 Cangas	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O.P. MOAÑA	Rúa As Barxas, 15 baixo. 36950 Moaña	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O.P. NIGRÁN	Rúa Damas Apostólicas, 15-ofic, 108. 36370 A Ramallosa - Nigrán	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O. AUX. BUEU	Eduardo Vicenti, 8. 36930 - Bueu	Luns e xoves de 9:00 a 13:30 horas
O.P. COMARCA DO BAIXO MIÑO	O.P. TUI	Rúa Colón, 2 – Edificio Área Panorámica (Sala Xacobeo) - 36700 Tui (PROVISIONAL)	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O. AUX. TOMIÑO	Edif. Concello, Prz. do Seixo, s/n - 36740 Tomiño	Todos os mércores de 9:00 a 13:30 horas
	O. AUX. O ROSAL	Praza do Calvario, 1 – Edif. Concello 36770 - O Rosal	Martes e xoves de 9:00 a 13:30 horas
O.P. COMARCA DA ÁREA DE VIGO	O.P. O PORRIÑO	Rúa O Pinar, 5- Baixo - 36400- O Porriño	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
O.P. COMARCA DO CONDADO E PARADANTA	O.AUX. CRECENTE	Rúa Solís Ruiz, 8. 36420 - Crecente	Venres de 9:00 a 13:30 horas
	O.P. PONTEAREAS	Rúa Concha Brey, 4 baixo. 36860 Ponteareas	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O. AUX. ARBO	Rúa Luís Cubelas, 2 Sm - 36430 Arbo	Mércores de 9:00 a 13:30 horas
	O. AUX. A CAÑIZA	Rúa Progreso – Edif. Xulgados. 36880 A Cañiza	Martes e xoves 9:00 a 13:30 horas
	O. AUX. AS NEVES	Prz. Da Cristiandade, s/n. 36440 – As Neves	Venres de 9:00 a 13:30 horas
	O. AUX. O COVELO	Prz. Mestre Cerviño, 2. 36872 - Covelo	Luns de 9:00 a 13:30 horas
COMARCA DE PONTEVEDRA	SERVIZOS CENTRAIS	Avda. de Marín, 9. 36071 – Pontevedra	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O. AUX. PONTE CALDELAS	Avda. de Galicia, 17 – Edif. Concello	Venres de 9:00 a 13:30 horas
DATOS DE CONTACTO	Teléfono	886 211 400	
	Enderezo electrónico	informacion.oral@depo.es	

Este documento ha sido firmado electrónicamente por:
 (23/06/2020 14:54:15) - Miguel Angel Santirso Fernández
 El Tesorero